# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº* 1 // *C.P.:* 15175// *Tel.: 981670002 Fax:* 981 6722 82// *C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***


**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2023/1, Extraordinaria con contido de ordinaria REALIZADA O luns 13 de febreiro de 2023 .**

**ASISTENTES**

**Presidente:**

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

**Concelleiros/as:**

PSdeG-PSOE

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

PABLO COUTO LOPEZ

PATRICIA BLANCO FIDALGO

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BARBEITO REY

MARGARITA RAMILO VARELA

Alternativa dos Veciños

SUSANA GUIMAREY GARCIA

RUBEN ANTONIO CAAMAÑO RODRIGUEZ

FRANCISCO BELLO HERMIDA

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ

No adscrito/a

FLORINDA DUARTE GERPE

**Ausencias:**

Partido Popular

DAVID FERNANDEZ BALSEIRO, desculpa a ausencia.

**Interventora:**


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

NOEMI GONZALEZ MATO

**Secretaria:**

EVA JARDÓN LÓPEZ

**Técnica Administración Xeral:**

SONIA CAMPOS  ARES

HORA DE INICIO: 20:30

HORA DE REMATE: 22:09

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:30 do luns 13 de febreiro de 2023, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 67/2023 e segundo acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión 2023/1, Extraordinaria con contido de ordinaria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1. **<u>Parte resolutiva da sesión</u>**
   - 1.1. Aprobación da acta da sesión anterior 7/2022 correspondente á sesión celebrada o 24 de novembro de 2022.
   - 1.2. Resolución alegacións á modificación da RPT e aprobación definitiva da mesma.
   - 1.3. Solicitude de participación no POS +AD1 gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 (POS+2023).
   - 1.4. Solicitude de participación no Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+2023.
2. **<u>Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.</u>**

CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.1. Dación de conta de decretos de Alcaldía dende o número 445/2022 ata o 72/2023, ámbolos dous incluídos, e no seu caso dos reparos da Intervención do Concello.

2.2. Dación de conta dos acordos de Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas os días 10 de novembro, 24 de novembro de 2022, 9 de decembro e 22 de decembro de 2022.

3. **Mocións dos grupos políticos, no seu caso.**

4. **Rogos e preguntas.**

## PROPOSTAS ORDINARIAS

**1.- Parte resolutiva da sesión.**

**1.1.- Aprobación da acta da sesión anterior 7/2022 correspondente á sesión celebrada o 24 de novembro de 2022.**

O Alcalde pregunta aos Concelleiros se teñen algo que dicir e ningún deles ten observacións, polo que a acta enténdese APROBADA de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**1.2.- Resolución alegacións á modificación da RPT e aprobación definitiva da mesma.**

No expediente consta o seguinte Ditame da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

***"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

***Asunto:*** *resolución de alegacións e aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo (RPT)do Concello de Carral.*

*Tendo en conta que o Pleno do Concello de Carral, na sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2022, adoptou, entre outros, aprobar inicialmente o proxecto de modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral así como expoñer ao público esta modificación.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Tendo en conta que se publicou no boletín oficial da provincia nº 231, do 07 de decembro de 2022, o anuncio de exposición ao público para poder consultar dita modificación e presentar as posibles alegacións ou reclamacións.*

*Tendo en conta que este prazo se ampliou en cinco días hábiles cunha nova publicación no boletín oficial da provincia nº 15, do 23 de xaneiro de 2023, para dar cumprimento ao artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia que establece un prazo mínimo de exposición ao público de vinte días hábiles.*

*Tendo en conta que durante estes períodos de exposición ao público só se presentou unha alegación ao proxecto de modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carral (RPT), segundo se desprende do informe da responsable do rexistro do 01 de febreiro de 2023, e que resultou ser presentada por parte do responsable de Administración Local da Confederación Intersindical Galega.*

*Logo de que se emitise por parte das responsables da secretaría municipal, do departamento de intervención e dos servizos xurídicos informe, con data do 03 de febreiro de 2023, sobre o escrito de alegacións presentado e que se transcribe literalmente a continuación:*

*“ **INFORME SERVIZOS XURÍDICOS MUNICIPAIS E DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL***

***DONA EVA JARDÓN LÓPEZ**, secretaria municipal do Concello de Carral, **DONA NOEMÍ GONZÁLEZ MATO,** interventora municipal e **DONA SONIA CAMPOS ARES,** técnica xurídica, emiten o seguinte informe en relación coa presentación de alegacións á RPT do Concello e en base aos seguintes **ANTECEDENTES***

- *Acordo adoptado polo Pleno do Concello de Carral, en sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2022, relativo á aprobación inicialmente do proxecto de modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral.*

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Anuncio da aprobación inicial da modificación da Relación dos Postos de Traballo do Concello de Carral publicado no BOP nº 231 do 07 de decembro de 2022.*

- *Decreto da alcaldía 11/2023, do 17 de xaneiro de 2023, polo que resolve ampliar en cinco días hábiles o prazo de exposición ao público da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Carral co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 202.2 da Lei de emprego público de Galicia e modificar o anuncio de exposición ao público que foi publicado no BOP nº 231 do 07 de decembro de 2022, coa publicación dun novo anuncio de ampliación do prazo en cinco días hábiles.*

- *Anuncio de ampliación en cinco días hábiles do prazo de exposición ao público da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Carral publicado no boletín oficial da provincia nº 15 do 23 de xaneiro de 2023.*

*Visto o informe asinado dixitalmente o 01 de febreiro de 2023 pola responsable do rexistro municipal, dona María del Carmen Rodríguez Rodríguez, que se transcribe literalmente a continuación:*

*“**DONA MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO REXISTRO DO CONCELLO DE CARRAL,*

***INFORMO***

*Que logo da publicación no BOP nº 231, do 07 de decembro de 2022, do anuncio de exposición ao público da modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Carral e da publicación no BOP nº 15, do 23 de xaneiro de 2023, da ampliación do prazo de exposición en cinco días hábiles tiveron entrada no rexistro xeral do Concello ao meu cargo, entre o 08 de decembro de 2022 e o 29 de decembro de 2022 e entre o 24 de xaneiro de 2023 e o 30 de xaneiro de 2023, as seguintes alegacións ou reclamacións:*

| | *NOME E APELIDOS* | *DNI* | *DATA REXISTRO* | *Nº ENTRADA REXISTRO* |
|---|---|---|---|---|
| *1* | *Cristina Díaz Mira e/r de* | *56169***F* | *29/12/2022* | *202299900000927* |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | *Roberto Tizón Miguéns* | *32432***S* | | |

*E para que conste no expediente de referencia, aos efectos oportunos, emito o presente"*

*Tendo en conta que as alegacións referencias no informe da auxiliar do rexistro do 01 de febreiro de 2022 din o seguinte:*

*"Roberto Tizón Miguéns con DI 32432338S e enderezo para os efectos de notificación no sexto andar do Edificio Sindical sito na avenida de Alfonso Molina s/n da cidade da Coruña, na súa condición de responsable de Administración Local da CIG na comarca da Coruña*

*EXPÓN:*

*Que o pasado 7 de decembro de 2022 publicouse no BOP da Coruña a aprobación inicial da Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do concello de Carral, dentro do prazo habilitado na propia publicación, formulo as seguintes*

*ALEGACIÓNS: AO POSTO DE TÉCNICO/A DE INFORMÁTICA.*

*Este posto esta clasificado no grupo 2 de laborais e a titulación requirida, por equiparación cos funcionarios, e a de Diplomatura ou Grado, sen embargo aceptase como titulacións mínimas as de Técnico Superior en administración de sistemas informáticos en rede, en desenvolvemento de aplicacións webs ou en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma, todas elas titulacións de formación Profesional e que se corresponderían co novo grupo B de funcionarios. Consideramos que a titulación mínima requirida para o desempeño deste posto debería ser a de Diplomatura ou grado en Informática.*

*CON CARÁCTER XERAL Sendo conscientes de que as prazas do cadro de persoal que están incluídas no proceso de estabilización non poden supor un incremento do gasto e que, polo tanto, deben manter mesmas retribucións antes e despois do proceso de estabilización, artigo 2.5 da Lei 20/21, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, consideramos que a metodoloxía de valoración da RPT non debe ser forzada na súa aplicación para adecuala á norma legal mencionada anteriormente. Consideramos que se deben manter as fichas descritivas dos postos de traballo obxecto de estabilización eliminado o apartado de valoración económica, quedando esta pendente de que as normas legais permitan realizala coa mesma obxectividade que o resto do s postos de traballo.*

*Polo anteriormente exposto:*

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*SOLICITA:*

*Que se teñan por presentadas estas alegacións en tempo e forma se proceda a modificar a RPT no sentido das mesmas antes da súa aprobación definitiva"*

*As arriba referenciadas, en relación co anteriormente referenciado,* ***INFORMAN*** *en relación coa:*

***-Primeira alegación****: o posto de traballo de técnico/a de Informática inclúese na RPT do Concello de Carral como posto de estabilización equiparado a un grupo A2 de funcionario, o cal require unha titulación de grao universitario ou equivalente non debendo incluírse a titulación de técnico superior correspondente cun grupo B polo que debe estimarse a alegación presentada. Detectado o mesmo erro no posto de técnico/a de Medio Ambiente, por analoxía, debe tamén retirarse a titulación de técnico superior mantendo a de grao ou equivalente por estar equiparado tamén co grupo A2 de funcionarios tal e como se recolle na RPT.*

*E todo isto en base ao establecido no artigo 76 e na disposición transitoria terceira do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aplicable coa entrada en vigor da nova clasificación profesional e en tanto non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios ao que se refire o citado artigo 76 do mesmo corpo legal.*

***-Segunda alegación****: o Concello de Carral conta, a data actual, cunha Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada definitivamente polo Pleno municipal do 22 de xullo de 2021 cunhas valoracións e unhas características concretas. A RPT intégrana os documentos correspondentes ás fichas de cada posto coa descrición do posto, as funcións do posto e a valoración económica dos posto de acordo aos criterios establecidos na propia relación de postos de traballo. O que se levou actualmente a pleno foi unha modificación da RPT en canto á inclusión de novos postos de traballo debendo respectarse os criterios establecidos para a valoración económica dos novos postos como ocorre cos xa existentes na propia RPT e que non altera o establecido e o requirido para cada posto na RPT aprobada definitivamente.*

*Esta valoración da modificación da RPT, aprobada inicialmente polo Pleno do Concello con data do 24 de novembro de 2022, fíxose en bases os criterios obxectivos establecidos na RPT en vigor e dentro da potestade discrecional que a Administración ten para aprobar este tipo de actos; non cabendo polo tanto a estimación da alegación de deixar os novos postos a incluír na RPT sen valor económico que avale as retribucións complementarias que lles correspondan, toda vez que os métodos de valoración forman parte*

CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

*integrante da RPT en vigor e deben ser empregados cando se crean novos postos de traballo e así evitar diferenzas co resto a fin de garantir a uniformidade na descrición de fichas da mesma maneira en todos os postos deste Concello que pasan a ser estruturais.*

*O que se informa aos efectos oportunos e sen prexuízo de outro criterio mellor fundado en dereito."*

*Á vista de todo o que antecede, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local,* **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** *que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte o seguinte* ***ACORDO***

***Primeiro.-*** *Estimar a alegación presentada polo responsable de Administración Local da CIG na comarca da Coruña en canto a non esixir a titulación de técnico superior para o posto de técnico/a de Informática sendo a titulación mínima requirida para este posto a de grao en informática ou equivalente. Así mesmo, modificar a ficha do/a técnico/a de Medio Ambiente por analoxía co anterior e eliminar da titulación esixida a de técnico superior sendo a titulación mínima esixida a de grao en química, bioloxía, xeoloxía, ciencias ambientais, enxeñeira de camiños, canles e portos, enxeñeira agrónoma, industrial, forestal ou equivalentes.*

***Segundo.-*** *Desestimar a alegación presentada polo responsable de Administración Local da CIG na comarca da Coruña en relación con manter as fichas descritivas dos postos de traballo obxecto de estabilización eliminando o apartado de valoración económica toda vez que os métodos de valoración forman parte integrante da RPT en vigor e deben ser empregados cando se crean novos postos de traballo e así evitar diferenzas co resto a fin de garantir a uniformidade na descrición de fichas da mesma maneira en todos os postos deste Concello que pasan a ser estruturais. Debendo permanecer as fichas correspondentes aos postos tal e como figuran na aprobación inicial da RPT modifica no pleno do 24 de novembro de 2022.*

***Terceiro.-*** *Aprobar definitivamente o proxecto de modificación da relación dos postos de traballo (RPT) do Concello de Carral coa inclusión da alegación estimada o que implica a modificación da ficha do/a técnico/a de Informática e a do técnico/a de medio ambiente segundo o sinalado.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Cuarto.-*** *Publicar no boletín oficial da provincia un anuncio relativo a aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo do Concello de Carral logo de dar por resoltas as alegacións presentadas e remitir copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días de acordo co establecido no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.*

*Carral, na data da sinatura dixital*
*O alcalde*
*Francisco Javier Gestal Pose” .*

O Alcalde explica que o 24 de novembro de 2022 aprobouse inicialmente o proxecto de modificación da Relación de Postos de Traballo, foi exposta ao público no boletín oficial da provincia da Coruña nº 231, en data 7 de decembro de 2022 e presentouse unha alegación,

A responsable da Secretaría, os servicios xurídicos e a Intervención, en data 3 de febreiro de 2023 asinan informe.

O que propoño ao Pleno do Concello de Carral é a estimación da alegación da CIG en canto ao non exixir a titulación de técnico superior para o posto de técnico de informática, sendo a titulación mínima exixida para este posto a de grado en informática ou equivalente e modificase por analoxía á de técnico de medio ambiente.

E desestimase a alegación de manter as fichas descritivas dos postos de traballo obxecto de estabilización eliminado o apartado de valoración económica, toda vez que os métodos de valoración forman parte da RPT e deben de ser empregados.

Indica o Sr. Alcalde que propón aprobar definitivamente o proxecto de modificación da relación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Carral coa inclusión do punto 1 da alegación estimada e as modificacións das fichas de técnico de informática e técnico de medio ambiente, remitir dita documentación á Administración Xeral do Estado e Administración Xeral da Comunidade Autónoma, dentro do prazo de 30 días dende a aprobación deste acordo.

O Sr. Alcalde da a palabra á Sra. Duarte Gerpe quen manifesta que na acta da sesión anterior, está recollido que o Sr. Alcalde textualmente di que en relación coa aprobación da RPT di que celebrouse Mesa de Negociación cos sindicatos en data 16 de novembro de 2022 e aprobouse por unanimidade e agora


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

comenta que a única alegación que se presentou foi unha de sindicatos, pregunta a Sra. Florinda si o Sr. Alcalde mentiu ou houbo un erro.

O Sr. Alcalde contesta que o sindicato da CIGA non estaba presente en dita reunión, a CIGA non ten representación neste Concello.

Segue preguntando a Sra. Duarte que na acta da sesión anterior está recollido que a Sra. Secretaria dixo que revisaría a ficha da técnica de educación que estaba incluída no grupo II e na RPT aparece no grupo III e de haber un erro que se modificaría e pregunta a Sra. Duarte se se revisou ese contrato. Pregunta o Sr. Alcalde á Sra. Duarte se no período de alegacións se presentou algo. A Sra. Duarte insiste en que ela pregunta se se revisou esa documentación. O Alcalde contesta que si se revisou. Solicita a Sra. Duarte que conste en acta que a Sra. Secretaría dí que se revisou.

O Sr. Alcalde da o turno á Sra. Blanco Fidalgo quen non ten nada que dicir.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño, quen manifesta que a posición do grupo popular será a abstención, como a vez anterior.

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 8

3 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 4

0 PSdeG-PSOE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

**1.3.- Solicitude de participación no POS +AD1 gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 (POS+2023).**

No expediente consta o seguinte Ditame da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

*"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno do Concello de Carral o día mércores 8 de febreiro de 2023 emitiuse o seguinte DITAME:*

***"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

***Asunto: Participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2023, da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.***

*Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 25 de novembro de 2022, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2023" que se destina aos 93 concellos da provincia e que nelas, xunto co POS+2023, se regula simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2023 para o financiamento de **gastos sociais extraordinarios**.*

CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

**Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es**

*Logo de ver que mediante unha circular da sección de Servizos Sociais recibida nestas dependencias o 07 de decembro de 2022 se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 é a de* ***56.968,65€.***

*Tendo en conta que na base 12ª das reguladoras do POS+2023 se regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 e tendo en conta a documentación que se precisa para a súa solicitude, emitiuse con data do 23 de xaneiro de 2023 informe por parte do departamento de servizos sociais no que se acredita o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da base 12.1.*

*Así mesmo, a intervención municipal con data do 24 de xaneiro de 2023 emitiu informe sobre os gastos sociais extraordinarios do 2023 cunha estimación do gasto a financiar polo Concello de 137.089€*

*Logo de ver que, segundo a base 12.4 das que regulan o Plan "As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta deputación, iniciarase o luns 12 de decembro de 2022 e rematará ás 15.00 horas do martes 14 de febreiro de 2023 (…)".*

*Á vista de todo o que antecede, segundo as bases que regulan o POS+ 2023 e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,* ***PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO*** *que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte o seguinte*

***A C O R D O***

*1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)* ***"POS+ ADICIONAL 1/2023"*** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios,** *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do Concello, segundo se indica a continuación:*

| | |
|---|---|
| ***Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos*** | ***56.968,65€.*** |



CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| ***gastos sociais extraordinarios*** | |

| ***GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023***<br><br>***GASTO CORRENTE*** | ***PREVISIÓN DE GASTOS 2023*** | ***ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS*** | ***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO*** | ***PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023*** | ***OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO*** |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(A)* | *(B)* | *(C=A-B)* | *(D)* | *(E=C-D)* |
| *a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.*<br><br>*O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento* | *31.877,40€* | *0,00 €* | *31.877,40€* | *31.877,40€* | *0,00 €* |

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.* | | | | | |
| *b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación,* | *10.000,00€* | *0,00 €* | *10.000,00 €* | *10.000,00 €* | *0,00 €* |

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.*<br><br>*As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.* | | | | | |
| *c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.*<br><br>*O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais* | *383.781,60 €* | *288.570,00€* | *95.211,60 €* | *95.211,60 €* | *0,00 €* |

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *municipais FOPPSS.<br><br>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.* | | | | | |
| *d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.* | | | *0,00 €* | | *0,00 €* |
| *e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos* | | | *0,00 €* | | *0,00 €* |

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.* | | | | | |
| *f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.* | | | *0,00 €* | | *0,00 €* |
| *g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas,* | | | *0,00 €* | | *0,00 €* |

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.* | | | | | |
| *h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.* | | | *0,00 €* | | *0,00 €* |
| ***SUBTOTAL GASTOS CORRENTES*** **Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación** | ***425.659,00 €*** | ***288.570,00€*** | ***137.089,00€*** | ***137.089,00 €*** | ***0,00 €*** |

| ***GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023*** ***INVESTIMENTO*** | ***PREVISIÓN DE GASTOS*** | ***ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS*** | ***ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO*** | ***IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023*** | ***OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELL*** |
|---|---|---|---|---|---|

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| | | | | | ***O*** |
|---|---|---|---|---|---|
| | *(A)* | *(B)* | *(C=A-B)* | *(D)* | *(E=C-D)* |
| *i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.* | | | *0,00 €* | | *0,00 €* |
| *j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais* | | | *0,00 €* | | *0,00 €* |

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO*** | ***425.659,00 €*** | ***288.570,00€*** | ***137.089,00€*** | ***137.089,00 €*** | ***0,00 €*** |

| | PREVISIÓN DE GASTOS | ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO | IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023 | OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO |
|---|---|---|---|---|---|
| ***TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023*** | ***425.659,00 €*** | ***288.570,00€*** | ***137.089,00€*** | ***137.089,00 €*** | ***0,00 €*** |

| | |
|---|---|
| ***I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES*** | ***137.089,00 €*** |
| ***II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)*** | ***0,00 €*** |
| ***III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)*** | ***0,00 €*** |
| ***TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)*** | ***137.089,00 €*** |

*2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*



CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*O ALCALDE*

*Francisco Javier Gestal Pose"*

O Sr. Alcalde explica que a achega provincial do POS adicional 1/2023 para gastos Sociais e extraordinarios a Deputación da Coruña fai unha aportación de 56.968,65 €, en cato a previsión de gastos en Servizos Sociais, indica o Sr. Alcalde, que hai unha ampliación de persoal de 31.877,40 €, axudas de emerxencia 10.000 € e axudas a domicilio por un importe de 383.781,60 € o que fai un total de 425.659 € quedando unha aportación municipal de 137.089 €, esta aportación, manifesta o Sr. Alcalde, cren que é suficiente para facerlle fronte a esta subvención dos 56.968,65 €.

Pregunta o Sr. Alcalde se a Sra. Duarte ten algo que dicir neste punto e manifesta a Sra. Duarte que non ten nada que dicir neste punto, que está de acordo.

Concede o Sr. Alcalde a palabra á Sra. Blanco Fidalgo indicando esta de acordo con este punto.

Pregunta o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño se quere indicar algo e o Sr. Fernández manifesta que son 10.000 € para axudas de emerxencia e indica que lle parece ben que fagan o que o grupo popular indicou no seu día criticouse que nun decreto quitara 10.000 € da partida de Servizos Sociais para outras cousas e agora os volve a meter en Servizos Sociais e isto ao grupo popular parécelle ben ao igual que lle parece ben ampliar o persoal de Servizos Sociais, xa que consideran que o persoal é insuficiente.

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 12

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

**1.4.- Solicitude de participación no Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+2023.**

No expediente consta o seguinte Ditame da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

*"Na sesión realizada pola Comisión Informativa Especial de Asuntos Xerais do Pleno do Concello de Carral o día mércores 8 de febreiro de 2023 emitiuse o seguinte DITAME:*

***"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.***

*Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 25 de novembro de 2022, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2023" que se destina aos 93 concellos da provincia.*

*Logo de ver que mediante unha circular do servizo de Xestións de Plans do 28 de novembro de 2022 se comunicou a este Concello de Carral que a cantidade do POS+2023 asignada a este Concello para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:*

CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| *ASIGNACIÓN POS+2023* | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *Concello: Carral* | | | | | |
| *Achega provincial 2023* | *Achega provincial 2022* | | | *Préstamo provincial 2023* | *TOTAL POS+2023* |
| | *Baixas/ anulac.* | *Asignación* | *Total Achega 2022* | | |
| *195.321,07€* | *9.412,87€* | *92.987,17€* | *102.400,04€* | *4.069,19€* | *301.790,30€* |

*Tendo en conta que na base 2 das reguladoras do Plan se establece na realización de investimentos que "O concello poderá destinar a "achega provincial 2023" e a "achega provincial 2022" ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas."*

*Vista a proposta desta alcaldía de participar no POS+2023 e incluír no POS+OBRASSUM e nos POS+COMPLEMENTARIO as seguintes obras:*

| ***POS+OBRASSUM/2023*** | |
|---|---|
| *NOVO SANEAMENTO NO NÚCLEO DE BALBÉN, SAN VICENTE DE VIGO* ***(ACHEGA 2023)*** | *202.021,82€* |
| *NOVO SANEAMENTO E PLUVIAIS NOS NÚCLEOS DE AMEÁS, PARAPAR E ABRIGOSA* ***(ACHEGA 2022)*** | *105.699,25€* |
| ***POS+COMPLEMENTARIO/2023*** | |
| *MELLORA DE CAPA DE RODADURA E FORMACIÓN DE CUNETAS E BEIRARRÚAS DE FORMIGÓN EN CAÑÁS, SANTA BAIA DE CAÑÁS.* | *97.495,06 €* |
| *MELLORA DA CAPA DE RODADURA E FORMACIÓN DE CUNETA DE FORMIGÓN NA RÚA DA ESCOLA, HERVES* | *41.419,51 €* |
| *MELLORA DE CUNETAS EN SERGUDE* | *53.208,38 €* |
| *RECUPERACIÓN DA PRAZA DA CAPELA* | *167.695,3* |



CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| | *6€* |

*Logo de que por parte dos departamentos de Urbanismo, Intervención e Secretaría se emitisen os informes precisos de acordo coa base 5.B das reguladoras do Plan onde se recolle a documentación específica segundo os distintos obxectos e de que esta alcaldía emitise a memoria do Plan, asinada dixitalmente o 03 de febreiro de 2023, de acordo co regulado na base 5.A das reguladoras deste plan e que forman parte do expediente de proposta ao pleno.*

*Tendo en conta que, segundo a base 12.4 das que regulan o Plan "As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta deputación, iniciarase o luns 12 de decembro de 2022 e rematará ás 15.00 horas do martes 14 de febreiro de 2023 (…)".*

*Á vista de todo o que antecede, segundo as bases que regulan o POS+ 2023 e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,* ***PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO*** *que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte o seguinte*

***ACORDO***

***1.-*** *Participar no* ***Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"*** *da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023","achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":*

***A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:***

| | ***DEPUTACIÓN*** |
|---|---|
| *Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntos* | ***0,00€*** |
| *Achega provincial 2022 (excepción da base 2.1 final)* | ***0,00€*** |
| *Subtotal gasto corrente* | ***0,00€*** |



CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***B ) Financiamento de investimentos:***

| ***ACHEGA PROVINCIAL 2023*** | ***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO*** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Denominación da obra ou subministración*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | | | ***Orzamento total*** |
| | | ***Achega municipal*** | ***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastec. auga potabale)*** | ***Total Concello*** | |
| ***Novo saneamento no núcleo de Balbén, San Vicente de Vigo*** | ***195.321,07 €*** | ***6.700,75€*** | ***-*** | ***6.700,75€*** | ***202.021,82€*** |
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2023*** | ***195.321,07 €*** | ***6.700,75€*** | ***-*** | ***6.700,75€*** | ***202.021,82€*** |

| ***ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente*** | ***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO*** |
|---|---|

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| ***sostibles)*** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Denominación da obra ou subministración*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | | | ***Orzamento total*** |
| | | ***Achega municipal*** | ***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastec. auga potabale*** | ***Total Concello*** | |
| ***Novo saneamento e pluviais nos núcleos de Ameás, Parapar e Abrigosa*** | ***102.400€*** | ***3.299,25€*** | ***-*** | ***3.299,25€*** | ***105.699,25€*** |
| ***Subtotal investimentos achega provincial 2022*** | ***102.400€*** | ***3.299,25€*** | ***-*** | ***3.299,25€*** | ***105.699,25€*** |

*Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións que se relacionan nesta táboas.*

***C ) Redución da débeda con entidades financeiras:***

| ***Entidade financeira*** | ***PRESTAMO PROVINCIAL 2023*** |
|---|---|
| | ***-*** |
| ***Subtotal redución de débeda con entidades financeiras*** | ***0,00€*** |

***D) Resumo:***

| | | ***Concello*** | |
|---|---|---|---|

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| ***POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO*** | | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)*** | ***Total Concello*** | ***Orzamento Total*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ***A- GASTOS CORRENTES*** | ***Achega 2023*** | - | - | - | - | *0,00€* |
| | ***Achega 2022 (Excep. Base 2.1)*** | - | - | - | - | *0,00€* |
| ***B- INVESTIMENTOS*** | ***Achega 2023*** | *195.321,07€* | *6.700,75€* | - | *6.700,75€* | *202.021,82 €* |
| | ***Achega 2022*** | *102.400,00€* | *3.299,25€* | - | *3.299,25€* | *105.699,25 €* |
| ***C- REDUCIÓN DÉBEDA*** | ***Préstamo 2023*** | - | - | - | - | - |
| ***D-TOTAL*** | ***Achega 2023*** | *195.321,07€* | *6.700,75€* | - | *6.700,75€* | *202.021,82 €* |
| | ***Achega 2022*** | *102.400,00€* | *3.299,25€* | - | *3.299,25€* | *105.699,25 €* |
| | ***Préstamo 2023*** | - | - | - | - | - |



CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ***TOTAL*** | ***297.721,07€*** | ***10.000,00€*** | | ***10.000,00€*** | ***307.721,07 €*** |

*2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

| ***Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)*** | ***Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)*** | ***IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)*** | ***Orzamento subvencionable (encher esta columna se se enche a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)*** |
|---|---|---|---|
| *Mellora de capa de rodadura e formación de beirarrúas de formigón en Cañás, Santa Baia de Cañás* | *97.495,06 €* | - | *97.495,06€* |
| *Mellora da capa de rodadura e formación de cuneta de formigón na rúa da Escola, Herves* | *41.419,51 €* | - | *41.419,51€* |
| *Mellora de cunetas en Sergude* | *53.208,38€* | - | *53.208,38€* |
| *Recuperación da praza da Capela* | *167.695,36€* | - | *167.695,36€* |


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| ***TOTAIS*** | ***359.818,31€*** | **-** | ***359.818,31€*** |

*3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

*4.- Comprometer ao Concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base.*

*5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do Concello no Plan.*

*6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

*7.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

*8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

*Carral, na data da sinatura dixital*

*O alcalde*

*Francisco Javier Gestal Pose".*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Sr. Alcalde explica que este ano a Deputación da Coruña fai dúas achegas unha do 2022 polo importe de 102.400,04 € e unha achega provincial para o 2023 de 195.321,07 €, en canto á achega provincial de 2023 que é "*O novo saneamento no núcleo de Balbén en San Vicente de Vigo*" cun importe total de 202.021,82 € do cal a achega provincial son 195.321,07 € e a achega do concello son 6.700,75 €. E en canto á achega provincial do 2022 que corresponde á obra "*Novo saneamento e pluviais nos núcleos de Ameás, Parapar e Abrigosa*" cun importe total de 105.699,25 €, dos cales a Deputación achega 102.400,00€ e o concello fai unha achega de 3.299,25€.

En canto ao POS complementario do ano 2023 as obras que se propoñen ao pleno son as seguintes:

-Mellora de capa de rodadura e formación de beirarrúas de formigón en Cañás, Santa Baia de Cañás por un importe de 97.495,06 €

-Mellora da capa de rodadura e formación de cuneta de formigón na rúa da Escola, Herves por un importe de 41.419,51 €

-Mellora das cunetas en Sergude por un importe de 53.208,39 €

-Recuperación da praza da Capela por un importe de 167.695,36 €

Todo isto supón un importe total, do POS Complementario, de 359.818,31 €.

O Alcalde lle concede a palabra a dona Florinda quen manifesta que xa na Xunta de Portavoces ela manifestou que as obras lle parecían necesarias e manifesta que entráñalle que o Sr. Alcalde convoque un pleno extraordinario a día 13 de febreiro cando o pleno ordinario tiña que ser o último xoves do mes de xaneiro, que lle chama a atención que os informes técnicos estean asinados con data 3 de febreiro, cando estas obras xa estaban acordadas hai mais de dous ou tres meses e que o goberno non comunique o retraso do pleno, o motivo do retraso nin nada, senón que fan e desfán á súa maneira.

Indica a Sra. Duarte que ela está a favor das obras de saneamento, da obra que se vaia a facer en Cañás, parécelle boa obra a da Escola en Herves e manifesta e quere que conste en acta que, está a favor de todas as obras que van no POS pero está totalmente en contra da reforma da Praza da Capela, insiste en que está totalmente en contra de gastar 167.695,36 € na reforma da Praza da Capela xa que entende que o único problema que ten a Praza da Capela é un magnolio, que non é unha especie protexida, que hai no centro da praza e as raíces desa árbore non se podan e está invadindo totalmente a praza e levantando as baldosas e a única solución é retirar esa planta de aí e repoñer as baldosas. Indica que botará a favor do POS, das obras todas pero quere deixar constancia que non está de acordo con esta obra en concreto. Segue afirmando a Sra.

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Florinda que hai outras obras importantes e necesarias para o concello de Carral sen meter esta obra igual que meteron a obra do CEIP Vicente Otero Valcárcel por decreto de Alcaldía, con toda a oposición en contra.

O Alcalde concédelle a palabra a dona Patricia quen manifesta que pediu a reunión de voceiros e que non necesitaba da presenza dos técnicos, que foi porque pensaron que ían levar unha sorpresa, e levaron a mesma, pero foi agradable pois recolleuse unha proposta do Grupo Socialista que era é a obra de cunetas de Cañás. Indica tamén a Sra. Blanco que a próxima vez poderían facer unha xunta de portavoces sen os técnicos e a unha hora na que todos puideran estar. Indica a Sra. Blanco que por fin o saneamento de San Vicente está en marcha e pensa que a reforma da Praza da Capela é moi necesaria, pero esa obra estaba na subvención que o equipo de goberno rexeitou.

O Alcalde dálle a palabra a don Jose Luis quen manifesta que o seu grupo está de acordo coas obras e que o seu grupo nunca votaron en contra de ningunha obra pero teñen certa reticencia en canto á obra da Praza da Capela indicando que coincide plenamente co exposto pola Sra. Duarte que o único problema que hai na praza da Capela, pode ser que a marquesiña se teña que baixar, incluso facela mais pequena e sinala que o único problema que ten a praza da Capela é o magnolio que como ven dicía a Sra. Florinda non é unha especie protexida, nin autóctona. Manifesta o Sr. Fernández que o equipo de goberno xa ten experiencia en derribar magnolios porque un dos que había no Colexio Vicente Otero Valcárcel non dudaron nin un minuto en cortalo.

En canto ás outras obras, indica o Sr. Fernández Mouriño, que todas elas son obras que lles parecen moi ben, aínda así, dí o Sr. Fernández Mouriño que espera que o Sr. Alcalde no suposto de que haxa novas achegas ou plans complementarios que non se lle ocorra decretar novas obras sen falar antes coa oposición.

Non habendo máis debate procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 12

3 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

**2. Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.**

2.1.-Dación de conta de decretos de Alcaldía dende o número 445/2022 ata o 72/2023, ámbolos dous incluídos, e no seu caso dos reparos da Intervención do Concello.

2.2-Dación de conta dos acordos de Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas os días 10 de novembro, 24 de novembro de 2022, 9 de decembro e 22 de decembro de 2022.

Intervén a Sra. Duarte para indicar que ela quere facer unha pregunta sobre un decreto ao que o Sr. Alcalde responde que en Rogos e Preguntas expoñerá a súa pregunta.

**3.Mocións dos grupos políticos, no seu caso.**

Non hai ningunha moción

**4.Rogos e preguntas.**

CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Sr. Alcalde concede a palabra á Sra. Duarte Gerpe que formula as seguintes preguntas:

- En relación cos decretos de Alcaldía, hai un que dí "Humanización da rúa Río de Canles" e pregunta ao Sr. Alcalde que lle explique que foi o que se fixo nesa rúa.

O Alcalde contesta que hai uns proxectos e que pode ir a falar co técnico e se lle ensinará o proxecto e o técnico lle explicará todo e lle di que estaba dentro dun POS, no POS do 2022.

- En canto ao local social de Cabrois pregunta, onde se colocou a caseta que se retirou, que era o local de Cabrois, onde está colocada? O Sr. Alcalde responde que lle chama local a unha caseta que se colocou alí, en Cabrois, e que isto xa se comentou en outro pleno. Insiste o Sr. Alcalde que en Cabrois non había local social, o que había era unha caseta ilegal. A Sra. Duarte VOLVE preguntar onde está a caseta e o Sr. Alcalde responde que a caseta está detrás da nave que se quere que veña ao concello e que lla ensinarán.

- Que local usan agora os veciños de Cabrois? O Alcalde contesta que os veciños de Cabrois non teñen un local social, indica o Sr Alcalde que si a Sra. Duarte lle busca unha propiedade o concello intentará facer un local social pero Cabrois, agora mesmo, non ten local social.

- Para que sirve a palloza que colocaron no sitio onde estaba a caseta? O Alcalde responde que serve para poñerse á sombra no caso de que dea o sol e hai un banco de pedra para sentarse e unha mesa, co entorno que alí hai isto é bastante mellor que a caseta que estaba posta alí, que xa saíu, a caseta, nunha revista chamada "impactos urbanísticos".

- Dona Florinda di que a caseta foi solicitada a desafectación a educación para uso de local social. O Sr. Alcalde contesta que o único que se solicitou foi un permiso a Augas de Galicia que veu denegado, un informe negativo do técnico municipal. Matiza a Sra. Florinda que cando ela era concelleira de educación esa caseta pertencía a educación xa que alí era onde había unha aula de infantil e no seu día fíxose un informe municipal pedindo a desafectación desa caseta. No informe municipal está recollido que se enviou a educación, hai unha memoria que fixo o arquitecto municipal, o uso que se lle ía a dar a esa caseta, porqué senón á Consellería de Educación non desafectaría dita caseta, estimando que era un uso ideal a Consellería de Educación informou favorablemente que o concello se quedara con esa instalación e que a usara para local social dos veciños de Cabrois. O Alcalde contesta que está falando dunha caseta que está desafectada e que a ían a utilizar para un uso social, ata aí ben pero o que non entenderá nunca é que se coloque unha caseta ilegal nun lugar ilegal, había dúas propiedades, hai un informe negativo de intervención, un informe

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

negativo do arquitecto e hai un suelo cunha referencia catastral marcada onde había unha casa vella e colocaron a caseta pegada ao río, noutro suelo, con distinta referencia catastral. Manifesta o Sr. Alcalde que el foi a falar coa propietaria de esa parcela e el mesmo lle dixo que mirara ben como tiña todo porque o grupo do PP colocou unha caseta non onde ela fixo o convenio senón noutro terreo. O equipo de goberno tivo que sacar a caseta, non como un capricho do Alcalde, e si alguén lle pode legalizar a caseta, poñela alí ao día seguinte.

Dona Florinda di que cando se colocou a caseta, pode ser certo que non se colocou no sitio axeitado pero sí é certo que o goberno que había fixo un convenio coa dona da parcela. O convenio consistía en facerlle unha entrada á parcela, que se fixo e un compromiso de limpar a finca pero dende que está o actual equipo non se limpou. O Alcalde aclara que iso é mentira, que sí se desbrozou a finca, dúas veces. A Sra. Duarte dalle as gracias ao Sr. Alcalde pola información, sobre o desbroce, e continua dicindo que se aínda se mantén en vigor o convenio porque o equipo de goberno actual non cambio a caseta para a parcela onde está feito o convenio. O Alcalde contesta que el falou coa dona da parcela e había que facer un desmonte de tal magnitude que se lle "comía" media finca á señora, segundo o informe do técnico tiña que ir a 10 metros do eixe do vial, o cal, na zona de núcleo rural había que facer un desmonte de 10 metros, facer un muro de contención e poderíase colocar a caseta pero isto non se atreveu dicirllo aos propietarios porque lles "comía" media finca".

Indica a Sra. Florinda que si ela estivera no lugar do Sr. Alcalde nunca deixaría sen local social aos veciños de Cabrois.

- Respecto ao antigo colexio infantil Víctor Velasco, con quen acordou o Sr. Alcalde donar ou conveniar ese local para facer cine? O Sr. Alcalde di que ese local non é para facer cine, e pásalle a palabra ao concelleiro que levou o convenio, Sr. Bello Hermida.

O Sr. Bello Hermida dí que iso foi unha concesión demanial para facer unha escola, indica o Sr. Bello que estivo exposto e se puideron presentar propostas, cumpriu todos os prazos e houbo unha asociación que se presentou e acabouse.

Indica a Sra. Duarte que ela transmite preguntas que lle fai a xente na calle. Indica a Sra. Florinda que a xente se pregunta porque se perdeu unha subvención de 150.000 € que viña destinada para subvencionar parte dun local para maiores que era para o que ía a ser destinado ese edificio. Recorda a Sra. Florinda ao Sr.

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Alcalde, unha vez mais, que segundo o expediente esa desafectación das instalacións do Victor Velasco que foi pedida á Consellería de Educación, cun informe técnico municipal para destinar esas dependencias para local de maiores, a Consellería de Educación doou esas instalacións ao concello de Carral para utilizalo para local de maiores, e ela non entende como un local como ese se ceda a unha asociación, a Sra. Duarte cree que o equipo de goberno debería de priorizar o uso desas instalacións nos nosos maiores, era un local estupendo para que a xente maior puidera ter coidados podolóxicos, onde puideran facer rehabilitación, onde puideran facer cousas de lecer. O Alcalde lle di que ela está a falar dun centro de día e a Sra. Duarte dí que ela fala dun centro de maiores e lle parece unha aberración que o equipo de goberno, gobernando en minoría, non consulten con ninguén da oposición o uso dese local, segue indicando que lle parece unha aberración que os últimos 4 anos deixaran abandonar o edificio a actos vandálicos, non se procedeu mais á limpeza nin ao coidado de dentro das instalacións e recorda que mentres ela foi concelleira de educación, o persoal de limpeza tiña orde de limpar as instalacións todos os meses e dende que entrou este equipo de goberno deixaron abandonado totalmente o antigo colexio.

- Con respecto á estrada da Deputación que une a N-550 coas Travesas, en esa estrada no mes de agosto de 2022 procedeuse a cambiar a capa de rodadura, a finais de setembro pintaron a liña do medio da estrada e sobre outubro pintaron as dos marxes da estrada, no KM1 existía un paso de peóns, os veciños estiveron esperando a que se voltara a pintar o paso de peóns e o mes pasado, con sorpresa dos veciños as persoas de mantemento de estradas cortaron as sinais do paso de peóns e deixaron aos veciños de Argonte sen o paso de peóns. A Sra. Duarte pregunta porque retiraron ese paso de peóns.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Caamaño, concelleiro de obras e servizos. O Sr. Caamaño indica que a pregunta da Sra. Duarte contestaralla mellor no seguinte pleno e con mais información, xa que é un tema da Deputación.

- Existe algún contrato ou algún convenio dos terreos anexos á nave de obras? O Sr. Alcalde confirma que eses terreos xa están mercados dende hai tempo, hai dous anos que se mercaron e son propiedade municipal. Don Florinda agradece a aclaración e pregunta que se vai a facer alí (nos terreos anexos á nave de obras) en ese recheo que se está a facer, o Sr. Alcalde indica que alí non se está facendo ningún recheo, fíxose unha rampla de acceso. A Sra. Duarte dí que a ela lle consta que fixeron un recheo e que soterraron amianto. O Alcalde pide que fágase constar na acta o de o enterramento de amianto.


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

E don Florinda pide que consten en acta as seguintes preguntas, qué empresa está xestionando a retirada de amianto no concello nos últimos catro anos? e canto se leva gastado no tratamento, retirada e reciclaxe das planchas de uralita nos últimos catro anos?.

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao concello de obras, pero aclara que a responsabilidade da retirada de amianto correspóndelle a cada persoa e ten que pagar a empresa, non é competencia municipal.

Manifesta a Sra. Duarte que ela está a falar das instalacións do Concello de Carral, e que lle consta e quere deixar constancia en acta que existen dous xacementos de amianto soterrados por este goberno no concello de Carral, un deles na parcela da Igrexa, aínda que existe un informe municipal dicindo que alí non hai nada, evidentemente a policía local non ten unha pala para ir a escavar alí, e outro na explanada ao lado da nave de obras hai soterradas moitas pranchas de uralita. Indica a Sra. Duarte que si entra outro goberno, que fagan unha escavación no aparcamento da Igrexa que está contaminando directamente un regato, e que miren na rampla que fixeron a ver cantas pranchas de uralita hai soterradas alí. Indica a Sra. Duarte que isto que está contando foi visto por un veciño.

O Sr. Alcalde pídelle á Sra, Duarte que non tome os plenos de broma, porque lle vai pedir as preguntas por escrito e se lle contestara correctamente, pero o que non pode é votar 3 horas no pleno contando cousas. A Sra. Duarte di que está na parte de rogos e preguntas e que é o seu deber facer as preguntas que considere.

- Expón que hai uns meses solicitou por rexistro xeral do Concello, un informe do estado das estradas do municipio por parroquias, dirixido ao Sr. Alcalde e que o informe o fixera o arquitecto municipal. A Sr. Florinda pregunta se o poden facer ou non. O Alcalde lle contesta que de momento non se pode xa que non se conta con persoal suficiente.

- Con respecto á acta que se acaba de aprobar neste pleno, dí dona Mercedes Caridad e pide a palabra para dicir que "*lle gustaría saber dos produtos que vende a Sra. Florinda cales son excedentes de feira e pide que conste en acta que quere que a Sra. Florinda Duarte lea a ordenanza de feira para saber se os produtos dela son excedentes de hortas ou sen ánimo de lucro*". Aclara a Sra. Duarte que ela non é ningún xubilado nin agricultor para vir vender á feira os excedentes da horta, e que existe unha solicitude de venda ambulante, solicitando dito posto aquí no Campo da Feira en Carral igual que nos outros concellos onde ten presentada toda a documentación, como empresa, como autónomo que está dado de alta dende novembro de 2018, dí a Sra. Duarte que xa viña exercendo a venda ambulante no concello de Carral e que ten unha



CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

resolución da alcaldía, do actual alcalde na que se concede a autorización, porque ten todos os documentos correctamente presentados no Rexistro do Concello. Indica a Sra. Florinda que a ela lle recomenda á Sra. Caridad que pense antes de dicir as cousas.

Dona Mercedes pide a palabra por alusións e di que a ela non lle costa ningún traballo disculparse pero neste caso non o vai a facer porque ela ten unha solicitude do 2021 no que a Sra. Florinda expón que en conversacións coa concelleira de Comercio solicito posto para a venda de produtos de verduras, legumes e hortalizas, flores, por exemplo e outros produtos que hai no posto da Sra. Duarte non son nin verduras, nin legumes nin hortalizas. Continua dicindo a Sra. Caridad que se a Sra. Florinda solicitou un posto de este tipo hai que abonar unhas taxas e solicítalle á Sra. Duarte que presente a última taxa abonada.

A Sra. Florinda contesta que ela solicita un posto e que ten unha resolución da alcaldía concedendo tal posto será o Concello o que debe emitir un recibo e así poderá pagar as taxas como fai en calquera concello. E se o Concello non lle emite ningún recibo, nin a ela nin a ningún dos que están vendendo na praza, ela non sabe onde deixar os cartos. Indica a Sra. Duarte que nin no goberno do PSOE nin no goberno Popular existía nada de que a xente que vende hortalizas, legumes ou produtos do campo pagaran ningunha taxa, de feito nos 16 anos que a Sra. Duarte estivo como concelleira nunca se lle cobrou nada a ningún destes feirantes. Insiste a Sra. Duarte que ela está en disposición de pagar e os compañeiros que están na mesma situación que ela tamén o farían xa que o fan en todos os concellos. Diferente é que o concello de Carral, na ordenanza fiscal teña recollido que a xente que vende produtos de horta este exento, e ela non ten culpa de que o equipo de goberno non aplique a ordenanza. Pide a Sra. Duarte que todo isto conste en acta.

Contesta a Sra. Caridad que a Ordenanza da feira e a Ordenanza fiscal non a leu ninguén e pregunta á Sra. Duarte se é especial por algún motivo ou diferente á xente que está pagando. Dí a Sra. Caridad que un tanto moi elevado dos feirantes non lles hai que emitir ningún recibo, eles pagan e daben que hai que pagar os primeiros 6 meses e non ten mais nada que dicir.

Dona Florinda di que o Concello ten a obrigación de emitir unha tarxeta, que os feirantes teñen que ter visibles unha vez que lles conceden o posto pero, a día de hoxe aínda está esperando esa tarxeta, co nome, número de posto, cos m2 da vía pública que ocupa o posto, e unha vez que teñan a tarxeta. Manifesta a Sra. Duarte que ela non ten esa tarxeta, ela non sabe o que ten que pagar, si lle dan a tarxeta e lle din o que ten que pagar anualmente, ela fará o abono de inmediato.



CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- En canto a Vermúfeira pregunta porqué se sigue facendo isto con esa empresa, é consciente o equipo de goberno do dano que se está facendo á hostalaría de Carral?; Por qué se fixo con esta mesma empresa a festa de Fin de Ano?; Qué tipo de contrato ten esta empresa co concello de Carral?; Qué número de catering ten esta empresa para exercer a actividade de catering? E parécelles normal que o domingo anterior (último domingo de mes), día de feira, esta empresa colla o carbón de facer o churrasco, ardendo, e o tire arrimado á parede onde van os nenos do parque? E se é certo que esta empresa está traballando en Carral por que é primo dun concelleiro do goberno?

O señor Bello contesta que os establecementos están todos encantados, que os domingos que hai Vermufeira non hai un so oco para comer en ningún establecementos de Carral e os feirantes lle din que nunca tanto venden como os días da Vermufeira e indica á señora Florinda pode ir ao departamento de Medio ambiente e ver toda a documentación que queira. Que o Sr. Bello saiba o dono da empresa que ven a Carral non é primo de ningún dos concelleiros do equipo de goberno, indícalle á Sra. Duarte que se informe ben antes de dicir nada. As contratacións das actuacións están todas aprobadas e están nos decretos.

Manifesta a Sra. Duarte que o Sr. Alcalde no pleno anterior na acta da sesión di, respecto á pregunta da empresa que está contratada ou non está contratada no Campo da Feira, que “os técnicos municipais a informarán de cómo está contratada” e indica a Sra. Duarte que está esperando que os técnicos a informen. E o Alcalde pregunta se veu ao concello a preguntar aos técnicos. Pregunta a Sra. Florinda cando lle van a contestar os técnicos municipais, por escrito e pide que conste en acta que quere que lle contesten por escrito, e lle ensinen o expediente da contratación da empresa que está realizando a Vermúfeira que é totalmente distinto ás actuacións que se están levando na Vermúfeira, a Sra. Duarte matiza que ela só fala da empresa mencionada.

- Pregunta cando se van a contratar, se se van a contratar, os pasos de peóns intelixentes que estaban previstos para a zona de Tabeaio e para o centro de Carral, cuestiona a Sra. Florinda se xa perdemos esa subvención tamén, e pregunta ao equipo de goberno se algún día teñen pensado arranxar o paso de peóns que está situado na N-550, na esquina de onde estaba a zapatería Norte, no centro de Carral.

O Alcalde lle contesta que pode acercarse por onde o arquitecto municipal que lle explicara o proceso desa obra para realizarse.



CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- En canto a obra na rúa de Canles, cando vai realizarse. O Alcalde contesta que xa esta adxudicada e que empezarase nestes meses.

- E para terminar dona Florinda lle di ao Alcalde que a ela lle daría vergoña estar no sitio no que esta sentado que lle vai moi grande. O Alcalde dí que alégrase da súa opinión e que é das poucas opinións que ten pero non lle preocupa o que ela pense.

O Sr. Alcalde concede a palabra á Sra. Blanco Fidaldo, quen manifesta que ela sí se toma en serio o pleno pero hai outros concelleiros que non se toman en serio o pleno e levan ríndose dende que empezou o turno de rogos e preguntas e lle indica ao Sr. Alcalde que mire un pouco o seu lado xa que algún concelleiro se ríe de mais. Dito o anterior dona Patricia formula as seguintes preguntas:

- Se xa lle poden dicir aos usuarios de cadeiras de rodas e persoas que levan carros de bebés que seguirán circulando por Carral nas mesmas condicións que o fixeron nos últimos tempos. Indica a Sra. Patricia que ela, xa no anterior pleno pregunto se se ía facer algo e o Sr. Alcalde quedou de contestar por escrito e dí a Sra. Blanco que aínda está esperando. O Alcalde lle contesta que un proxecto para preparar todas as zonas peonís da N-550 e vaise dar acceso a estas persoas.

- Con respecto ao antigo colexio Víctor Velasco o grupo PSOE estaba de acordo, xunto con outros veciños en crear un centro coworking  pero cando vai a empezar a funcionar, pregunta a Sra. Patricia,  cando van vir os emprendedores, xa que hai uns meses que se viu unha noticia na que o Sr. Zapata o dicía. O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Bello quen dí que proximamente se empezará a traballar, empezarán en setembro co curso, pero antes teñen que adecentar o local un pouco e todo está en marcha, e se informara aos nenos do IES de Carral e do David Buján.

- Xa non recorda cando pero que hai moitos meses que pediu a documentación das casas dos mestres de Carral e aínda non o ten. O Sr. Alcalde pregunta si quere que llo pasen por correo e a señora Patricia contesta que si, o se quere que veña a recollela que se lle informe.

- En canto ao a parte de disertación, no mes de xuño/xullo estaban vendo que facían coa subvención que viña para os concellos afectados pola transición  enerxética, a catro días do remate do prazo, o 2 de agosto, tivemos pleno ordinario no mes de xullo e o PSOE preguntou que proxectos ían ir e a resposta foi que aínda non o sabían ou que estaba sen rematar de definir, anteriormente a ese pleno o grupo PSOE tendeulle a man ao equipo de goberno, díxolles que podían pedir cousas que eran viables e ao final nun so



CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

mandato perdéronse case 7 millóns de euros en subvencións, pregunta a Sra. Patricia que lles dicimos á xente que vai en cadeiras de rodas, e con eses 7 millóns de euros amañábamos ben o problema de mobilidade. En canto a depurado, segundo esta resolución provisional, é unha resolución admitida para as que non se propón concesión de axuda e o motivo, indica a Sra. Blanco, é que non se chega á puntuación mínima esixida nos obxectivos climáticos, total, quedamos sen depuradora e sen os cartos.

E perdéronse outras dúas subvencións, unha subvención "Mobilidade sostible municipal para a prestación de servizos e atención pública e ambientais" que entendo que se refire aos vehículos da policía, e motivo é que non se aporta a documentación requirida, como que non se aporta a documentación requirida nunha subvención? Espero que o expliquen.

Terceira subvención "Adecuación do espazo central para opción de mobilidade sostible, camiño escolar seguro" isto viña da subvención do IDAE, xunto coa Praza da Capela e outras actuacións . Estas dúas subvencións directamente non foron admitidas e nesta última o motivo e que non se entrega a documentación requirida e non se certifica a titularidade municipal dos terreos, nin a cesión, nin o compromiso de 10 anos, non foro capaces de dicir que as beirarruas son do Concello o Alcalde lle contesta que non xa que son de Fomento. Insiste a Sra. Blanco se non hai un documento de cesión de Fomento. Manifesta a Sra. Blanco Fidalgo, 7 millóns de euros, que se podería facer con eses cartos.

Continua a Sra. Patricia que o prazo de alegacións son 10 días hábiles e pregunta se pensan como o seu mentor que están por enriba da lei. Manifesta a Sra. Blanco que de verdade espera, aínda que non confía, pero espera que algo se poida amañar e, indica a Sra. Patricia que lle pediría a dimisión ao Sr. Alcalde pero que vendo que se vai a voltar a presentar nas seguintes eleccións parécelle ridículo pedirlle a dimisión a un goberno municipal que se vai a volver a presentar. Por último a Sra. Patricia pregúntase que fixo Alternativa dos Veciños en catro anos, cal é o balance, de que está orgulloso o equipo de goberno, cando saian do goberno que recordos quedarán, ademais de aproveitarse do grupo socialista para colocarse medallas, ademais de aproveitarse da Deputación para colgar fotos dicindo como estamos amañando as estradas que está amañando a Deputación e pregunta onde está o PXOM, no caixón; a subvención do IDAE, no lixo, xunto coas horas de traballo do Sr. Couto; 5 millóns de euros, tamén, no lixo cando Cerceda ten 1.200.000 € adxudicados; toneladas de formigón, hai demasiado formigón no cole pero non hai zonas verdes.

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Indica a Sra. Blanco Fidalgo que o seu grupo non lle vai a pedir a dimisión vendo que se van a voltar a presentar ás eleccións pero a Sra. Fidalgo, recomenda ao Sr. Alcalde que volva ao seu traballo de antes xa que así lle consta que o facía moi ben.

Pide a palabra dona Susana que recoméndalle á Sra. Blanco que lea as actas dos plenos xa que nun pleno se pediron explicacións dos proxectos que se ían a levar a Transición Xusta e explicouse con todo detalle os tres proxectos que se ían a incluír nesa subvención.

Manifesta a Sra. Guimarey que existen malas informacións, moitas delas publicadas en redes sociais, e que agora mesmo imos a aclarar. O único certo, do que din e que se está a falar dunha resolución provisional. Mencionase nas publicacións que a desestimación das subvencións é por falta de documentación ou por presentala fora de prazo, isto non é correcto xa que a documentación foi toda enviada en prazo, o expediente validado en tempo e forma, é dicir, dentro do prazo establecido para isto. De todo isto, indica a Sra. Susana que ten a documentación que a avala.

Por outro lado, continua a Sra. Guimarey, a resolución provisional reflexa que non se alcanzou a puntuación mínima en materia medioambiental e climática, este é o motivo polo que o comité valora non incluíla en Transición Xusta e, isto, dista moito do criterio que tiñan os técnicos, tanto os municipais como o técnico externo, que neste caso foi Applus quen redactou o proxecto que é unha empresa que un pouco sabe de saneamentos. Indica a Sra. Susana que como non están de acordo con esa puntuación vaise a alegar e estas alegacións serán fundamentadas polos técnicos redactores do proxecto e os técnicos municipais avalarán todo tipo de criterio que foi no que se fundamentou dito proxecto para solicitar a subvención.

Continua a Sra. Susana dicindo que tamén se menciona en redes sociais que non se xustificou a titularidade dos terreos ou que o concello non tiña convenio vinculante. Neste caso estamos falando da adecuación do espazo de mobilidade sostible na Nacional, sabemos que Fomento non nos vai a ceder a titularidade da estrada nacional pero hai outras opcións e esas outras opcións fixéronse chegar ao Instituto de Transición Xusta a través dunha certificación municipal e iso tampouco está de acordo o equipo de goberno, e se van a presentar alegacións.

A última das liñas de mobilidade sostible, nesta subvención buscabamos tamén fins sociais e non so se querían adquirir vehículos para a policía e a ubicación para as electrolineras, din que o proxecto foi modificado en data posterior á solicitude, isto é un erro, cando se solicitou presentouse unha memoria e un



CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

proxecto desenrolado e posteriormente se lle fixo un requirimento ao Concello para que achegase un desglose tanto de medicións como de cantidades e iso foi o que se aportou e os técnicos de dita administración estimaron que ese era outro proxecto pero non é así xa que o desglose cadra ao dedillo co proxecto remitido no seu día. Insiste a Sra. Susana que tamén, neste caso, se farán as alegacións pertinentes.

Dito todo isto, o equipo de goberno espera que se teñan en conta todas as alegacións presentadas e esperan que se consigan todas as subvencións e tamén a axuda do EDAR. Pero, insiste a Sra. Concelleira de Facenda que os criterios de valoración márcaos o Instituto e se consideran que é mais importante o proxecto que vostede dixo, que a Cerceda lle dan 1.200.000 € para quentar a auga do Acuapark e si o consideran mais necesario, aí o equipo de goberno pouco pode dicir ou defender.

Dona Patricia dí que ela non considera mais importante o de Cerceda que o considerou así o Instituto de Transición Xusta e di que ela non minte, nin está mal informada, que esta a ler o documento no que pon que "*se ha modificado el proyecto después de que pasase el plazo de fin de solicitudes*", dí a Sr. Patricia que a iso se refería cando dixo que se tramitara fora de prazo, a ese paragrafo en concreto. Continua a Sra. Blanco dicindo que, efectivamente, ela lee os plenos, asiste e atende e o pleno no que se explicou, foi o pleno do mes de xullo, catro días antes de rematar o prazo para presentar a subvención, e aí non podían facer, nin alegar nada. Insiste a Sra. Patricia en que si é sinxelo ou non que lle cedan os terreos non é problema da oposición, é problema do equipo de goberno municipal. Si lles parece difícil que lles cedan os terreos, soliciten outra subvención, non esa. Continua dicindo a Sra. Patricia que lle parecen escusas e espera que se consigan coas alegacións pero, insiste a Sra. Blanco dicindo que lle parece grave que de 3 subvencións que se pediron, dúas viñeron non admitidas e outra denegada por falta de puntuación.

Intervén a Sra. Guimarey para insistirlle que lea os plenos porque o Grupo socialista presentou unha moción para incluír na solicitude de Transición Xusta ese proxecto, o proxecto da Nacional. Manifesta a Sra. Guimarey que cando dixo a Sra. Blanco que apostara todo a subvención da Transición Xusta o que é erróneo pois antes de solicitar a subvención o equipo de goberno foi á Consellería de Infraestruturas e teñen o compromiso de que a Consellería aportará un terzo, se a deputación aporta outro terzo e o concello o outro terzo pero ao equipo de goberno iso non lle vale, porque primeiro van a apostar pola subvención total de Transición Xusta e cando se esgote este recurso iremos a por outro. Indica a Sra. Guimarey que na Deputación conseguiron unha subvención nominativa para este proxecto e o equipo de goberno dixo que

CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

cando se reuniron co equipo da Deputación, que o iamos a intentar conseguir a subvención de Transición Xusta pero se non saía todos terían que poñer cartos.

Insiste a Sra. Blanco que levan así dende o mes de xullo, que o compromiso coa concellería non o teñen por escrito o cal se lle pedía ao Sr. Couto López, dende o mes de xullo teñen o mesmo terzo e sen ter o compromiso por escrito, seguimos igual.

O Sr. Alcalde concede a palabra ao Sr. Fernández Mouriño.

Intervén o Sr. Fernández Mouriño para dicir que el non vai pedir a dimisión do Sr. Alcalde pero a verdade é que non sae nada ao dereito. Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que moitas veces dixo que a Consellería e Augas de Galicia teñen que colaborar co concello neste tema, que EMALCSA ten que colaborar, que leva un ano, o Sr. Alcalde, dándolle largas para ter unha reunión co señor de EMALCSA e o equipo de goberno no quere, e o Sr. Fernández Mouriño dí que a el lle gustaría aclarar con esa persoa xa que esa persoa pode poñer cartos para a depuradora. O Sr. Fernández dílles que teñan coidado porque ao mellor o inglés segue denunciando, agora está cunha tregua esperando que veña a subvención e que el espera que veña pero recalca que “hai que ter ben mala sorte para non dar quitado nunca nada e o pouco que van a pedir aínda lles sae ao revés”

Cuestiona o Sr. Fernández Mouriño que cómo se lles ocorre renunciar á obra do IDAE, a 1.800.000 euros, como se lles ocorre encargar agora outro proxecto igual e ata nin unha eletrolinera podemos ter en Carral.

Pregunta o Sr. Fernández ao igual que os outros dous portavoces, que pasa co Plan Xeral, que pasa co inventario de camiños e incluso que pasa coa caseta de Cabrois.

Manifesta o Sr. José Luis que en vez de andar tanto en catastro o Sr. Alcalde debería mirar en milanuncios e alí aparecen casetas desas que se venden a 2000 e 3000 € e a caseta está alí tirada e aínda din que lles costou 30.000 € facer a “cousa” esa, costaba tanto traballo facer dous metros de prataforma, levar a grúa e correr metro e medio esa caseta, para que estivera en perfectas condicións e que estivera fora dos 5 metros do regato de Augas de Galicia, segue preguntando o Sr. Fernández, costa tanto traballo solicitar un enganche a Unión Fenosa, e mellor que a caseta este aí tirada, dí o Sr. Mouriño.

CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Continua o Sr. José Luis preguntando ao Sr. Alcalde se quere agora que lle dean un terreo en Cabrois, que o merquen, que fagan algo, en vez de comprar os terreos do Ferrador mercaran un terreo en Cabrois, merquen unha casa para rehabilitar e fáganlles un local social aos veciños, se o local social que había non lles valía. Insiste o Sr. Fernández Mouriño que a caseta valía para os nenos de 3 anos e agora non vale para reunirse os veciños que estaban encantados.

Cuestiona o Sr. Mouriño que hai un intre a Sra. Blanco falou, con respecto ao Víctor Velasco, dunha asociación e despois dunha empresa e pregunta o Sr. Mouriño que é, é unha asociación ou unha empresa. Indica o Sr. Fernández que ve Asociación Amiga e ve a constitución e, esa asociación é, o titular é o Sr. Zapata, o vicepresidente é o pai, a secretaria a muller, tesoureira a nai e vogal a irmá e vostedes ceden unhas instalacións como esas, así de esa maneira, coa cantidade de baixos para alugar, que poden alugar e aínda enriba mellorarlle as instalacións, indica o Sr. Mouriño que non sabe a onde irán a votar, que está seguro de que o poñerán lonxe para que a xente se despiste e so vaian os seus a votar.

E dille á Sra. Guimarey que non vote a culpa á oposición de que as cousas lles saian mal porque eles non teñen culpa, dí o Sr. Mouriño que pedir 150.000 € para facer un proxecto e que ese proxecto non acade a puntuación, isto pono o papel e se é un erro os do Ministerio ese non teñen puñetera idea, el ve que aos concellos de Ordes, Cerceda, Laracha, Noia, etc  levan subvencións e non entende porque Carral cero, os tres proxectos 0, pois seguro que lle teñen manía aos de Carral.

Pregunta o señor Mouriño que pasa co Plan Xeral, que pasa co inventario de camiños, que pasou con 75 mil euros que se pediron para os pasos de peóns, solicitan 150 mil euros á Deputación para facer un proxecto e agora o proxecto está mal feito e aínda encima nunha empresa de moito prestixio, visto iso, ao mellor valía calquera enxeñeiro de camiños, cun orzamento normal, ao mellor facía ben o proxecto.

E pregunta o Sr. José Luis ao Sr. Alcalde se xa hai algo de avance na licenza de primeira ocupación do edificio do Campo da Feira, xa que hoxe non hai veciños. O Alcalde contesta que non hai avance xa que están cun proceso de familiares e familiares para comprar o terreo.

Remata o Sr. Fernández Mouriño dicindo que el non interrompeu a ninguén na hora e trinta e tres minutos que estiveron falando, el leva 4 minutos falando e non sabe porque raios o Sr. Alcalde o interrompe a el.



CVD: xMZaYCPTbOMnn9OhV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pide a palabra a Sra Ramilo para preguntar sobre a reunión que houbo no concello sobre o tema que se vai a facer en Tabeaio, o tema da Cunha, xa que cando empezou a reunión, o da empresa dixo que xa que todos tiñan o convenio na casa, que xa o viramos e a xente comentou que non tiñamos tal convenio. E comentou o da empresa que non porque houbo un erro e non se puidera remitir pero xa estaba subsanado e, a Sra. Guimarey dixo que o ían a remitir xa e, indica a Sra. Ramilo que, os convenios non chegaron e xa fai un mes disto.

Dona Susana contesta que dixeron que estaba subsanado pero non estaba subsanado, había un erro de superficies e agora xa está subsanado pero falta a firma. Non hai un prazo establecido, pero o convenio remitirase a todos os veciños. Ademais de envialo tamén se publicará. Indica a Sra. Susana que veu xente a preguntar polo convenio e explicóuselles como a todo o mundo que pregunta algo.

Intervén o Sr. Bello para expresar que lle pareceu vergoñento que un candidato á alcaldía dun partido se burle dunha aposta cultural, dí o Sr. Bello que sempre se viu que a aposta cultural do Sr. Fernández Mouriño nunca foi moi forte pero non se burle.

Solicita a palabra a Sra. Florinda para facer un último rogo. Roga, a Sr. Duarte, ao Sr. Alcalde que cando fagan a campaña de turismo do Concello de Carral no cartel, que amosa no pleno, hai mais de 20 erros e habendo unha normalizadora lingüística é unha pena que non se lle pregunte. Ao mesmo tempo, indica a Sra. Duarte, cando fomenten o turismo, fomenten tamén o comercio de Carral. Que revisen os técnicos os carteis e que non se dean os cheques nominativos e que se obrigue a gastar os cartos en Carral non en outro sitio calquera.

Ás 22:09 horas, non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta 1/2023 que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria do Concello, dou fe.

| O ALCALDE | A SECRETARIA DO CONCELLO |
|---|---|
| Francisco Javier Gestal Pose | Eva Jardón López |


CVD: xMZaYCPTbOMnn90hV4mE
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)